

## **BASES QUE REXERÁN OS SORTEOS DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL SAN VALENTÍN EN SADA 2023**

### **NAMÓRATE MERCANDO EN SADA**

#### **1. OBXECTO E FINALIDADE**

O obxecto destas bases é o de regular a participación nos sorteos que acompañarán á Campaña de promoción das compras no comercio local «San Valentín en Sada», que comezará o día 6 de febreiro e rematará o 14 de febreiro de 2023, día de San Valentín.

#### **2. QUEN PODE PARTICIPAR? COMO ME INSCRIBO?**

##### **PÚBLICO:**

Pode participar calquera persoa maior de 15 anos que realice as súas compras nos comercios sadenses adheridos á campaña, sen necesidade de inscrición previa de ningún tipo. Con cada compra de importe superior aos 5€ recibirán unha tarxeta de felicitación.

O seu papel será o de “namoradas do comercio sadense”, que tratarán de ser correspondidas cunha cea romántica.

##### **COMERCIOS:**

Poderá participar calquera establecemento comercial con sede en Sada. No seu caso deberán inscribirse previamente, facéndonos chegar o formulario de inscrición para comercios (ANEXO) a través do Rexistro Municipal, ben sexa de forma telemática ([sede.sada.gal](https://sede.sada.gal)) ou de forma presencial (Av. da Mariña 25, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00) <sup>1</sup>.

**Prazo de inscrición:** dende a publicación destas bases ata o 3 de febreiro.

O seu papel consistirá en difundir a campaña e entregar á súa clientela tarxetas de felicitación do San Valentín por cada compra de valor superior aos 5€. Cada tarxeta terá un número de participación para os sorteos. Os comerciantes serán os “celestinos” entre as persoas participantes e os premios da campaña.

##### **HOSTALARÍA:**

Os establecementos de hostalería con sede no Concello de Sada poderán inscribirse na campaña. Igual que no caso dos comercios, deben inscribirse previamente facéndonos chegar o formulario de inscrición para comercios a través do Rexistro Municipal, ben sexa de forma telemática ([sede.sada.gal](https://sede.sada.gal)) ou de forma presencial (Av. da Mariña 25, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00) <sup>1</sup>.

**Prazo de inscrición:** dende a publicación destas bases ata o 10 de febreiro.

O seu papel será o de ofrecer unha “inesquecible cea romántica” para as persoas agraciadas nos sorteos.

<sup>1</sup> Segundo as condicións que establece o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

### 3. CALES SON OS PREMIOS?

A campaña *Namórate mercado en Sada* inclúe os seguintes premios:

- Ante todo... a satisfacción de mercar no comercio de proximidade e a ilusión de participar do San Valentín.
- 3 ceas valoradas en 100€ cada unha.
- As persoas premiadas escollerán o establecemento de hostalaría no que desexan degustar o seu premio, de entre os establecementos que se inscriban na campaña.

### 4. COMO FUNCIONA ESTA PROMOCIÓN?

O Concello de Sada difundirá a través dos seus medios (web/rrss/pantallas de rúa) a listaxe de comercios participante na campaña.

**A campaña comezará o luns 6 de febreiro.** A partir desta data as persoas que se acheguen a mercar nos comercios inscritos recibirán coa súa compra unha *amorosa* tarxeta de felicitación do San Valentín.

Cada tarxeta conterá un número de participación para o sorteo do día 14 de febreiro.

O propio día de San Valentín pola tarde realizaremos un sorteo público que será retransmitido en directo polo perfil de facebook do Concello de Sada ([www.facebook.com/concellosada](http://www.facebook.com/concellosada)). Os números premiados anunciaranse na web municipal ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)) e nos perfís municipais en redes sociais.

Extraeremos e anunciaremos 3 números que corresponderán con números de 3 tarxetas de felicitación. As persoas que posúan algunha das tarxetas premiadas deberán contactar coa Concellería de Cultura, Comercio e Turismo ([cultura@sada.gal](mailto:cultura@sada.gal)) para reclamar o seu premio.

As persoas premiadas poderán escoller o establecemento de hostalaría no que queren gozar da súa cea, de entre os inscritos na campaña.

### 5. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DA CAMPAÑA

O Concello de Sada realizará unha campaña de promoción que incluírá a difusión dos establecementos comerciais participantes. Na campaña incidirase no interese xeral de realizar as compras de proximidade e da importancia de manter un comercio local vital, para encher de vida a nosa vila.

### 6. OUTRAS CONDICIÓNS

#### FISCALIDADE:

Os importes correspondentes aos premios poderían estar suxeitos a retencións fiscais, polo que se tomarán as medidas seguintes:

- **PERSOAS PREMIADAS:** o premio imputarase a efectos fiscais entre as persoas beneficiarias. A estes efectos, para a xestión dos premios recolleranse os datos das persoas gañadoras.
- **MENORES DE IDADE:** no caso de persoas menores de idade que resulten premiadas, deberán presentar o seu DNI para a tramitación do premio, previo consentimento das persoas titulares da patria potestade ou da súa tutela. O tratamento dos datos de carácter persoal requirirá do consentimento expreso das premiadas<sup>2</sup>.

### XESTIÓN DE DATOS PERSOAIS:

Unicamente as persoas premiadas deberán aportar certos datos persoais. A finalidade do tratamento destes datos é unicamente realizar a xestión do seu premio.

A duración do tratamento dos datos será a necesaria para o desenvolvemento da convocatoria ata a entrega de premios. Serán destruídos no prazo máximo dun mes dende a finalización do concurso, salvo que sigan sendo necesarios para a xestión dos premios. Neste último caso, gardaranse os datos o tempo xusto para garantir a correcta xestión e entrega das tarxetas regalo.

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e, segundo as condicións reguladas legalmente, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán compartidos con terceiras entidades (salvo no caso da xestión fiscal coa AEAT), nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar consultas relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Avd. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben facelo a través do enderezo electrónico [dpd@sada.gal](mailto:dpd@sada.gal).

<sup>2</sup>. No caso de que a persoa premiada sexa menor de idade tramitarase o seu consentimento para o tratamento de datos de carácter persoal segundo o artigo 7 da Lei 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

## 7. CONFORMIDADE

As persoas e establecementos participantes coa súa participación dan conformidade e aceptan o contido das presentes bases na súa totalidade.

O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento derivado das presentes bases será a Alcaldía.

Sada, na data da sinatura dixital  
O Concelleiro de Cultura, Comercio e Turismo,

José Luís Tellado Villares



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## ANEXO I

<b>PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA <i>NAMÓRATE MERCANDO EN SADA</i></b>	
<input type="checkbox"/> ESTABLECEMENTO COMERCIAL	<input type="checkbox"/> ESTABLECEMENTO HOSTALERÍA
NOME ESTABLECEMENTO:	
NÚMERO DE TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
DIRECCIÓN POSTAL:	
NÚMERO DE TARXETAS DE FELICITACIÓN QUE SOLICITA:	

Sada a .....de.....de 2023

Asinado: